

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DA CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 24.04.2024 ata o 16.12.2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.3, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Que os investimentos previstos que ten previstos acometer coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxecto prestar mellores e máis eficientes servizos e un mellor desenvolvemento das actividades propias da mesma.

Máis concretamente, os investimentos serán os seguintes:

Proxector de vídeo portátil con pantalla de proxección enrolable 200 X 200 con trípode, micrófono-altofalante portátil para as reunións e conferencias, cámara fotográfica con





capacidade para gravar vídeo en calidade 4k, hub USB a 7 portos USB, impresora láser a color de sobremesa e 3 roll-ups publicitarios.

- Migración do programa de xestión económica e financeira de espazo físico no PC á nube, para facilitar o acceso dende calquera dispositivo da propia Federación aos datos contables da mesma, aumentando a produtividade e adaptándose por outra banda ás novas tendencias neste tipo de aplicacións.
- Desenvolvemento de aplicación WEB para o rexistro e control das capturas de xarda a nivel provincial, para facilitar a transferencia de datos de captura da xarda (xestión provincial) dende as embarcacións á Federación (responsable da xestión) habilitando como usuarios tanto as embarcacións coma as confrarías de procedencia das mesmas e a propia Federación, coma responsable da xestión pesqueira.
- Xornada de presentación da aplicación WEB para a xestión da xarda para dar a coñecer aos asociados e á propia administración autonómica o desenvolvemento da mesma.

Estes investimentos previstos coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxectivo o progreso na eficiencia da prestación das actividades e dos servizos propios da federación, o que se enmarca nos obxectivos básicos de fomento da organización sectorial e mellora da súa competitividade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asina esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo
(asinado dixitalmente)

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
R/dos Irmandiños s/n Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546177
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

